

Narrativa

Corenta e cinco minutos de vida

Patricia GARCÍA RODRÍGUEZ

A apatía ía empurrando os seus pasos lentos, arrastrados por un chan que parecía o do inferno. Emanacións de vapor e olores a putrefacción. Os sumidoiros había moito que xa non arrastraban os anacos de corpos mortos. A práctica da mutilación xeneralizárase nos últimos tempos do colapso. As epidemias de cólera estaban controladas segundo se afirmaba nos boletíns oficiais e, non obstante, seguían a decimar a xa escasa poboación. A auga xa-mais volveu ser transparente; do seu estraño resaibo algúns aseguraban que era causado polas vitaminas e minerais que El Canal tivera a xentileza de disolver contra a fame. Os canos que aínda podían ser viables na cidade estaban fortemente custodiados polas Forzas; non se permitía máis dun litro por persoa e o caudal era tan escaso que parecía estar a piques de expirar para sempre. Xa ninguén podía recordar as últimas chuvias ou que era unha tormenta. O ceo ocre vermello, violáceo, escuro, non albergaba nubes, só acumulacións gasosas, tóxicas. Respirar convertérase nun negocio ao servizo do Movemento de Preservación da Vida. Unha botella diaria. Un método seguro de control de poboacións. Despois de cada nacemento, cando un embarazo lograba inexplicamente chegar a bo termo, a comisión local para a preservación da vida encargábase da análise xenética da criatura, se non presentaba malformacións visibles e superaba as 24 horas de vida. Se o feto resultaba viable era separado da nai e posto en corentena. Sería alimentado cun novo caldo vital elaborado pola Compañía de Alimentación para a Preservación da Vida. Ninguén sabía con exactitude cal era a súa composición química: as análises que os Defensores da Vida levaran a cabo non resultaban concluíntes; sen excepción acadaban unha coincidencia de resultados do 64%, pero o que constituía o outro 36% non puidera ser determinado. As bases de datos que

tan meticulosamente se confeccionaran a finais do século XXI non contiñan trazas das moléculas, nin libres nin en combinación de compostos e, non obstante, permitían a vida. E descartaron invariablemente que se tratase de sínteses artificiais. Sobre cal sería a procedencia era a miúdo discutido nas conversas clandestinas do laboratorio. Cando o feto non resultaba viable, era transportado en La Burbuja á Cámara de Reasignación. Alí sometíase o organismo a diversas análises e probas co fin de determinar o modo óptimo de desintegración. En ocasións, algúns dos seus diminutos órganos podían ser aproveitados no Laboratorio de Intelixencia Artificial. A crenza na condución do impulso nervioso por canles paralelas, alternativas ou indirectas alimentaba a pretensión de utilizar o tecido orgánico como macroestrutura para a xeración de novos estados de condensación. A condensación permitiría o impulso ata a placa base. Algúns preguntámonos que se faría co sangue. O óxido ferroso que empapaba as lastras de cidades tan antigas como esta parecía xa tan inherente como os vapores que emanaban. Continuaba arrastrando os seus pasos, mentres aspiraba ese repugnante olor; as súas mucosas había moito que xa non o percibían, pero a sintomatoloxía que presentaba respondía claramente a un cadro de psicopatía. Arrincar a máscara da cara teríalle custado a vida e, en ocasións, aos seus 28 anos, aínda fantasiaba coa romántica idea do suicidio. Torturábase pensando na morte por asfixia, a agonía do estertor, a dor dos seus pulmóns loitando contra o vapor ácido, radioactivo. Cada botella de osíxeno debía ser desprecintada no momento exacto en que se activaba o escudo. Cada individuo tiña unha localización para proceder co seu cambio de botella diario. A soa idea, a perspectiva de saber onde estarás cada día da túa vida, á mesma hora, resultaba exasperante. Non resultaban estraños os suicidios,

ao bonzo, aínda que algunhas filtracións afirmaban que se trataba de execucións. As voces máis tenues chegaban a soste que tras unha exposición en público sen a máscara, os individuos eran exterminados pola Comisión para a Preservación da Vida. Nos primeiros momentos de existencia, se se daba a viabilidade, inserían un Compoñente de Obsolescencia Condicionada. Un código sería suficiente. Tan simple, tan aterrador. Ninguén podía coñecer con exactitude de cal de todos os códigos se trataba. Intentar desactivar algún e errar supoñía unha morte segura. Non se coñecían datos acerca de ningún intento, frustrado. Cando se miraba o boneco pensaba en como algunhas metáforas pervivían na linguaxe, a pesar dos cambios que se produciron no mundo, na mente. Cortar as veas agora significaba extraer os cables que conectaban a

placa base cos condutos de circulación asistida. Dende a placa do pulso, ascendendo polo brazo esquerdo que podía chegar, introducindo un catéter ata o Órgano de Path. O Sendeiro chamábano. Como o Órgano de Path. Pensara tantas veces en asasinar alguén para extraelo... Tiña a certeza de que algún órgano de bebé fora reestruturado para albergar o amasillo de cables no seu peito. Sentía unha contradición, tan repleta de repugnancia como de amor. Amaba coas poucas forzas que aínda conservaba iso que fora e que lle permitira vivir. Non se sentía a salvo de si mesmo, o suicidio sempre lle axexaba, pero agarrábase á vida, cada madrugada, arrastrando os seus pasos naquela dirección. Tiña corenta e cinco minutos de camiño e pasaba cada un reflexionando sobre o mesmo. A Vida non era así.